

1. Líder



QUEREN MEDIRSE COS MÁIS

GRANDES

Tras imponerse ao Conxo Santiago nas Gándaras e encadear a sexta xornada consecutiva sen perder os de Dani Galán soñan con alcanzar o corte dos catro primeiros clasificados e loitar polo Galego infantil

PROVINCIAL CADETE

A Residencia apúntase ao Provincial



Os da Cheda son o primeiro equipo cadete que se asegura unha praza para a segunda fase na que, ademais do título, estará en xogo unha das tres prazas de ascenso

REPORTAXE

Chega a Lugo o método de adestramento Coerver

É un programa de preparación global deseñado a partir das ensinanzas do técnico holandés Wiel Coerver

LIGA GALEGA CADETE

A Milagrosa rabuña un punto



MILAGROSA 1-1 R. FERROL B

SELECCIÓN GALEGAS

Sete lucenses coas seleccións galegas

Co combinado Sub 16 están citados para esta tarde en Ames Pérez, Andrés e Iago López. Na convocatoria Sub 18 estarán nesta ocasión Alexandre, Cristian, David Guitián e Héctor





Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

XUVENIL D. DE HONRA									
RESULTADOS									
CD Lugo – R. Oviedo	0-0								
RC Celta – R. Santander	2-2								
Covadonga – Pontevedra CF	1-0								
TSK Rocas – R. Ferrol	1-1								
Deportivo – Bansasder	6-1								
Sp. Gijón – At. Perines	7-0								
Colindres – Alondras CF	0-3								
Val Miñor – Ural CF	1-1								

CLASIFICACIÓN									
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC		
RC CELTA	31	12	10	1	1	32	11		
SPORTING GIJÓN	27	12	8	3	1	43	10		
CD LUGO	27	12	8	3	1	24	12		
REAL OVIEDO	25	12	7	4	1	22	6		
R SANTANDER	23	12	7	2	3	31	15		
RC DEPORTIVO	21	12	6	3	3	25	12		
URAL CF	20	12	6	2	4	27	16		
TSK ROCES	15	12	4	3	5	12	22		
BANSANDER	14	12	4	2	6	13	24		
RACING FERROL	13	12	3	4	5	15	22		
ED VAL MIÑOR	13	12	3	4	5	14	22		
ATL PERINES	13	12	3	4	5	15	27		
ALONDRES CF	8	12	2	2	8	8	29		
CD COVADONGA	6	12	1	3	8	7	23		
PONTEVEDRA CF	6	12	2	0	10	10	27		
CD COLINDRES	5	12	1	2	9	5	25		

PRÓXIMA XORNADA									
At. Perines – Covadonga	R. Ferrol – Deportivo								
Colindres – Val Miñor	R. Santander – TSK Rocas								
Alondras – Bansasder	R. Oviedo – Sp. Gijón								
Pontevedra – RC Celta	Ural CF – CD Lugo								

XUVENIL LIGA NACIONAL									
RESULTADOS									
Orillamar – Porriño	0-2								
Pabellón – CD Lugo B	4-2								
Conxo – Val Miñor B	5-2								
Sta. Mariña – RC Celta B	2-3								
RC Villalbés – Arosa SC	1-0								
CD Aroesa – Choco	1-4								
CD Lérez – Victoria	2-3								
R. Bouzas – Deportivo B	0-1								
Valladares – Calasanz	0-2								

CLASIFICACIÓN									
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC		
R.C. CELTA "B"	28	11	9	1	1	29	12		
PABELLON C.F.	26	11	8	2	1	30	12		
VICTORIA C.F.	26	11	8	2	1	25	13		
C.D. CALASANZ	25	11	8	1	2	21	10		
DEPORTIVO "B"	22	11	7	1	3	18	11		
R. VILLALBES	19	11	6	1	4	13	14		
C.D. CHOCO	17	11	5	2	4	16	12		
C.D. CONKO	16	11	5	1	5	28	23		
C.D. AREOSA	16	11	5	1	5	16	17		
RAPIDO BOUZAS	14	11	4	2	5	12	12		
PORRINO C.F.	14	11	4	2	5	15	19		
VAL MIÑOR "B"	13	11	3	4	4	13	15		
ORILLAMAR S.D.	11	11	3	2	6	21	29		
SANTA MARINA	10	11	3	1	7	14	16		
VALLADARES	8	11	2	2	7	11	20		
AROSA S.C.	8	11	2	2	7	9	19		
C.D. LEREZ	5	11	1	2	8	14	32		
C.D. LUGO "B"	4	11	1	1	9	10	29		

PRÓXIMA XORNADA									
Porriño – Valladares	Choco – RC Villalbés								
CD Lugo B – Orillamar	Victoria – CD Aroesa								
Val Miñor B – Pabellón	Deportivo B – CD Lérez								
RC Celta B – Conxo	Calasanz – R. Bouzas								
Arosa SC – Sta. Mariña									

XUVENIL GALEGA NORTE									
RESULTADOS									
Ural B – Compostela	0-1								
At. Arteixo – Residencia A	0-4								
Victoria B – As Pontes	3-2								
Estrada FB – G. Caranza	2-2								
Bergantiños – Montañeros	1-2								
Viveiro CF – Lalín	1-3								
Dumbria – Conxo B	2-1								
At. Riveira – O Val	2-4								
Boiro – Betanzos	5-0								

CLASIFICACIÓN									
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC		
E.F. LALIN	31	11	10	1	0	32	7		
S.D. COMPOSTELA	28	11	9	1	1	27	11		
S.D. O VAL	24	11	8	0	3	26	18		
MONTANEROS C.F.	22	11	6	4	1	22	11		
BERGANTIÑOS C.F.	20	11	6	2	3	20	11		
C.F. DUMBRIA	20	11	6	2	3	17	14		
VICTORIA C.F. "B"	17	11	5	2	4	19	17		
ESTRADA FB	16	11	5	1	5	16	21		
URAL C.F. "B"	15	11	4	3	4	24	17		
C.D. BOIRO	14	11	4	2	5	18	18		
VIVEIRO C.F. "A"	13	11	3	4	4	17	17		
RESIDENCIA	13	11	4	1	6	20	25		
C.D. CONKO "B"	12	11	4	0	7	17	16		
GAUCIA CARANZA	11	11	3	2	6	19	24		
C.D. AS PONTES	8	11	2	2	7	13	19		
BETANZOS C.F.	7	11	2	1	8	13	35		
AT. DE RIVEIRA	7	11	2	1	8	22	46		
AT. ARTEIXO	3	11	0	3	8	11	26		

PRÓXIMA XORNADA									
Compostela – Boiro	EF Lalín – Bergantiños								
Residencia A – Ural B	Conxo B – Viveiro CF								
As Pontes – At. Arteixo	O Val – Dumbria								
G. Caranza – Victoria B	Betanzos – At. Riveira								
Montañeros – Estrada									

XUVENIL GALEGA SUR									
RESULTADOS									
Ribadumia – Coruxo	3-3								
Comesaña – Calasancio	1-5								
A Seca – Barco	1-3								
Choco B – Alondras B	2-2								
UD Ourense – Ourense CF	1-1								
Barbadás – Vila Corpus	2-1								
Verín – Portonovo	1-3								
Monteporreiro – Pabellón B	2-1								
Tomioño – AJ Lérez	1-3								

CLASIFICACIÓN									
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC		
OURENSE C.F.	25	11	8	1	2	32	13		
MONTPEOREIRO	25	11	8	1	2	27	14		
UD OURENSE	24	11	7	3	1	24	10		
VILA DO CORPUS	20	11	6	2	3	21	20		
A.J. LEREZ	19	11	6	1	4	29	18		
CORUXO F.C.	19	11	5	4	2	18	14		
UD BARBADAS	19	11	6	1	4	16	14		
PABELLON "B"	15	11	4	3	4	28	19		
C.P. CALASANCIO	15	11	4	3	4	13	17		
A.D. TOMINO	14	11	4	2	5	31	31		
C.D. RIBADUMIA	14	11	4	2	5	23	27		
A.C.D. A SECA	13	11	4	1	6	22	21		
E.D.C. VERIN	12	11	3	3	5	17	17		
ALONDRES C.F. "B"	12	11	3	3	5	17	21		
UD COMESAÑA	11	11	3	2	6	20	29		
PORTONOVO S.D.	9	11	2	3	6	14	24		
C.D. CHOCO "B"	7	11	1	4	6	9	24		
C.D. BARCO	4	11	1	1	9	11	39		

PRÓXIMA XORNADA									
Coruxo – Tomioño	Vila Corpus – UD Ourense								
Calasancio – Ribadumia	Portonovo – Barbadás								
Barco – Comesaña	Pabellón – Verín								
Alondras B – A Seca	AJ Lérez – Monteporreiro								
Ourense CF – Choco B									

CADETE DIVISIÓN HONRA									
RESULTADOS									
Ural – Coruxo	1-0								
Pabellón – CD Lugo	0-1								
Conxo – Ourense CF	0-0								
Sta. Mariña – RC Celta	0-4								
Bergantiños – Montañeros	0-1								
CD Aroesa – R. Ferrol	3-4								
Pontevedra CF – Victoria	2-1								
San Tirso – RC Deportivo	0-3								
Val Miñor – Calasanz	1-1								

CLASIFICACIÓN							
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	28	11	9	1	1	31	8
R.C. CELTA S.A.D.	27	11	9	0	2	51	9
URAL C.F.	25	11	8	1	2	21	10
PABELLON C.F.	22	11	7	1	3	24	13
PONTEVEDRA C.F.	21	11	7	0	4	23	16
C.B. LUGO	18	11	5	3	3	23	15
C.D. CALASANZ	18	11	5	3	3	15	14
CORUXO F.C.	16	11	5	1	5	15	15
RACING FERROL	16	11	5	1	5	17	26
VAL MIÑOR	15	11	4	3	4	18	15
OURENSE C.F.	15	11	4	3	4	13	17
SAN TIRSO S.D.	14	11	4	2	5	18	19
C.D. CONKO	13	11	3	4	4	15	15
SANTA MARINA	9	11	2	3	6	16	24
BERGANTINOS C.F.	9	11	2	3	6	15	34
VICTORIA C.F.	6	11	2	0	9	12	26
MONTAÑEROS C.F.	5	11	1	2	8	6	32



Héctor medíndose en velocidade cun xogador do Oviedo



David Guitián co balón controlado en mediocampo



Losada evitando o gol na ocasión máis clara do Oviedo

CD Lugo e Oviedo asinaron táboas pero prometeron batalla

A INTENSIDADE ECLIPSOU A CREATIVIDADE na Cheda nun duelo sen goles pero de alturas na División de Honra

A duodécima xornada da División de Honor xuvenil estaba marcada en vermello por moitos equipos, especialmente os da zona alta da clasificación entre os que se atopa o Lugo, e ao final, lonxe de aclarar o panorama, o que fixo foi comprimir máis os postos e deixar a lume vivo a competición.

O Lugo empezaba a xornada a catro puntos do líder, no segundo posto e finalízouna aos mesmos puntos de diferenza pero no terceiro posto, agora empatado no segundo chanzo con Sporting de Gijón, mentres que o Oviedo quedase a dous e o Racing de Santander, tras empatar na Madroa ante o Celta, fai a goma con 23 puntos, a catro do Lugo e a oito do líder.

A emoción está servida nunha Liga na que todos presentan e prometen batalla. Dous dos equipos que non renuncian a nada son o Lugo e o Real Oviedo, que confirmaron as súas candidaturas a soñar na Cheda, onde se viu un partido intenso ao longo dos noventa minutos entre dous equipos parellos e moi ben armados.

Dentro da igualdade o Lugo monopolizou as ocasións de gol na primeira parte, especialmente con dúas. Na primeira, aos dez minutos de xogo, Álex Ramos estrelou un balón no poste tras un lanzamento de



“Se vio un partido de alta intensidad entre dos grandes equipos”

MIGUEL MATEOS CD Lugo

falta directa, e na segunda Dani Vidal atopouse cunha gran intervención do porteiro asturiano tras rematar un bo pase de David Guitián ao espazo.

Ao descanso as sensacións eran mellores para un Lugo no que Losada apenas tivo que intervir. Xa na segunda parte o Oviedo tivo máis presenza en campo rival que nos primeiros corenta e cinco minutos, pero sen chegar a xerar ocasións claras de gol. A máis clara para o Lugo foi un disparo afastado de Gabarre que, tras rebotar nun defensa, obrigou a unha gran estirada do porteiro visitante.

Losada mostrouse moi seguro nos balóns aéreos e tamén se luciu cunha

estirada nos minutos finais nos que desviou ao poste a ocasión máis clara do Real Oviedo nos noventa minutos.

Ao final, empate a cero entre dous equipos que prometen dar moita batalla nunha das tempadas con máis alternativas no alto da clasificación da División de Honor xuvenil que se recordan.

Próxima xornada

O Lugo viaxa a Coruña para medirse co Ural, un duelo con poucos precedentes ante un conxunto que ascendeu a pasada campaña e que está sendo unha das grandes sensacións da tempada ao contar con 20 puntos e estar nunha cómoda sétima posición na táboa.

3º

POSTO NA TÁBOA

O Lugo cae un escalón empatado a puntos co Sporting de Gijón, 27, pero segue a catro do líder, o Celta, que empatou co Racing de Santander na Madroa

1º

EMPATE SEN GOLES

Os albi-vermellos, que tan só empataran esta tempada co Bansander a un gol, remataron por primeira vez un encontro sen marcar nin encaixar goles na División de Honor xuvenil

6

PUNTOS DE DIFERENCIA

entre os catro primeiros clasificados. Celta líder con 31, Sporting e Lugo con 27 e Real Oviedo con 25 no alto da clasificación

4

XOGADORES NA SELECCIÓN

Alexandre, Cristian, David Guitián e Héctor recibiron a chamada da sub 18 galega para un adestramento que se levará a cabo o próximo mércores pola tarde en Padrón



Schuster anticipándose a un xogador do Oviedo



Casariego co balón ante Martín e Álex Ramos



Gabarre protexendo o coiro nunha acción en campo rival

Un Rácing de moito mérito

PESE AS AUSENCIAS DE MOREDA E NOEL os de Cholas sumaron os tres puntos cun gol de David nunha boa primeira parte. Na segunda, baixaron pero mantiveron a porta a cero



Alex gañándolle a partida a un rival nun balón dividido

O Rácing Villalbés volveu á senda da vitoria ante o Arosa no Roca nun partido marcado polas ausencias de Noel e Moreda, dúas pezas clave. Pero os de Cholas pecharon filas e impuxéronse cun solitario gol de David nunha boa primeira parte, mentres que na segunda sobreviviron ao deixar o seu portaría a cero.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

ANXO

JOSE

DANI

Ata entón o Rácing mostrouse superior cos seus signos de identidade. Loita e fútbol directo co que meteron ao Arosa no seu campo.

Ao fio do cuarto de hora inicial, Paulo, que ocupou a punta de ataque con David, fíxose cun balón no medio campo e serviu ao espazo para que David, cun potente disparo cruzado, inaugurase o marca-



Arbitro: Iván Abel. Marcó Antonio Fernández e David Rodríguez. Campo: Estadio Roca

“Debemos exigirnos durante los noventa minutos. Hoy casi nos cuesta puntos la mala segunda parte que hemos disputado” CHOLAS RC Villalbés

dor co un a cero.

Rares e Anxo puideron ampliar a diferenza nunha primeira parte na que o Arosa apenas xerou perigo ante Clemente. Xa na segunda parte o Villalbés baixou o nivel de intensidade e o Arosa foise a por

o empate, dispoñendo de ocasións claras, entre elas un remate ao poste, pero o Rácing resistiu coa portaría a cero pese a que se lle terminou por completo a gasolina nos segundos corenta e cinco minutos.



David, autor do único gol do partido, ante un rival



Abel co balón controlado entre dous defensa do Arosa

O Pabellón trouxo de cabeza ao Lugo B na era post Diego Sánchez

JAVI LÓPEZ E CASTRO PUXÉRONSE Á FRONTE DO EQUIPO aínda que en principio o Coordinador de fútbol base está de interino á espera dun novo técnico. Os catro goles ourensáns foron de cabeza



Porto subindo o balón pola banda ante un xogador rival



Arbitro: Renny Mazaira, Lorena Novas e Irene Outeda. Campo: Miguel Ángel - Os Remedios

Os malos resultados e en especial o un a sete da pasada xornada propiciaron un cambio de adestrador no Lugo B da Liga Nacional xuvenil. Diego Sánchez deixou o posto que en Ourense ocupou, en

principio de forma interina. Javi López, coordinador de base do CD Lugo á espera da chegada dun novo adestrador.

A praza para cambiar a dinámica non era a máis idónea xa que o filial xuve-

“El balón parado nos mató en este partido”

CASTRO CD Lugo

nil visitaba ao Pabellón Ourense, invicto ata a data en casa e cun estilo de xogo moi definido á contra, explotando a perfección as accións a balón parado, clave neste partido.

Tras uns primeiros minutos de tenceo, o Pabellón inaugurou o marcador antes do cuarto de hora ao rematar unha falta lateral. Pero tan só dous minutos despois, Rubén fixo o un a un ao aproveitar un rexeitamento dentro da área logo

dun disparo de Yago.

O Lugo B estaba no partido, pero as accións a balón parado sacárono del antes do descanso ao encaixar dous goles con senllos remates de cabeza para chegar o marcador ata o tres a un.

Dani Arias fixo o terceiro gol do Lugo B cos puntos ao recortar distancias ao comezo da segunda parte e cos cambios o Lugo

B deu un paso adiante en busca do empate. Con todo, co catro a dous, de novo tras un saque de esquina, o Lugo B quedouse sen capacidade de reacción ante un Pabellón Ourense que se armou en defensa e tirou de solvencia.

OS MELLORES

CD LUGO B

RUBÉN

PORTO

DANI ARIAS

Un Borrón e conta nova

O VIVEIRO QUEDOU SEN OPCIONS MOI CEDO NO MARCOS GÓMEZ

ante un Lalín que foi moi contundente ao inicio de cada parte do encontro



Arbitro: Jonathan Losada, Jose Vale e Juan Carlos Polo Campo: Marcos Gómez

“Buen toque de atención para todos. Ahora toca levantarse”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

O Lalín rompeu a media inglesa que levaba o Viveiro nas últimas xornadas, nas que sumaba os tres puntos no Marcos Gómez e un a domicilio. Os de Antonio Serrano traballaron ao longo da semana aspectos do xogo para contrarrestar as virtudes do rival, pero aos quince segundos o Lalín xa os levou a cabo e aos dous minutos puxo terra polo medio no marcador co cero a dous.

O primeiro gol chegou na primeira xogada do encontro, tras un balón a banda con centro e remate do Lalín. Sen tempo para asimilalo, o Viveiro perdeu un balón en zona de creación e os

visitantes montaron unha contra para asinar o cero a dous cando tan só se disputaran 120 segundos.

A partir de aí o Lalín fíxose forte en defensa, acumulando moitos xogadores por detrás do balón e co depósito da confianza e físico baixos ao Viveiro foille moi complicado poder xerar perigo, salvo nun remate de Jairo que se estrelou no lateral da portaría antes de chegar ao descanso.

A reacción na segunda parte viuse de novo truncada nos primeiros minutos co cero a tres aos dous de xogo da segunda metade.



Yago Cruña saltando de cabeza cun rival nun lance do xogo

Xa á desesperada o Viveiro quixo maquillar o resultado, variou o seu estilo de xogo e buscou un fútbol directo co que lle fixo dano ao Lalín.

Carlos forzou un penalti co que os de Antonio Serrano recortaron distancias a falta dun cuarto de hora no que o porteiro Rubén acapara o protagonismo, pero non por facer paradas, senón que por ser o xogador máis perigoso en ataque ao colgar todas as fal-

tas con perigo á área e ata ao estrelar un balón no larguero cun golpeo desde o seu propio campo.

Ao final, o Viveiro deuse conta demasiado tarde dos problemas que lle xeraba ao Lalín con fútbol directo nun partido marcado, decidido e sentenciado polas postas en escena en ambas partes, especialmente na primeira.

A Residencia volve sorrir ao ritmo que marca Veloso

REGRESO DO PUNTA

e os de Dani Galán volven á senda da vitoria con autoridade



Goles: Conde (2), Veloso e Fonseca.

“Toca empezar a hacernos fuertes de una vez por todas en la Cheda”

DANI GALÁN SDC Residencia

A Residencia apagou a luz de urxencia en Arteixo tras volver á senda da vitoria na Liga Galega xuvenil. Os de Dani Galán fíxeron de Veloso, ausente nas últimas xornadas por lesión, pero aos da Cheda

guiounos Pablo de la Iglesia desde o centro da defensa.

A Residencia volveuse a reencontrar coas súas mellores sensacións con espazos desde os primeiros minutos nos que Veloso e Conde xa amagaron co cero a un, que chegou aos oito de xogo cun pase da morte de Veloso que enviou ao fondo das mallas Conde.

Co equipo ben armado en defensa as ocasións á contra eran continuas, dispoñendo de dúas claras Veloso antes de que Conde lle regalase o cero a dous a Fonseca antes do descanso, nunha primeira parte cómoda na que o Arteixo tan só chegou nunha ocasión con perigo aos dominios de Fer.

Ao comezo da segunda parte o árbitro parou o partido durante dez minutos por un incidente cun afeccionado, o que ralentizou o ritmo dun encontro no que Conde e Veloso asinaron o cero a catro final para unha Residencia que espera agora mellorar as súas prestacións na Cheda.



Goles: Adrián polo Comesaña; Sergi, Buti, Pablo, Jordi e Jorge polo Calasancio.

Arbitro: Carlos Glez, Abel Glez e Diego Castro

O Calasancio apelou á forza do grupo e o amor propio para sacar os tres puntos da Xunqueira ante o Comesaña. Rubén Núñez tivo que variar o guiño sobre a marcha, xa que nunha convocatoria con 16 xogadores dispoñibles tres caeron e o Calasancio afrontou o encontro unha vez máis co xusto.

Vitoria de máis de 3 puntos

O CALASANCIO sobrepúxose ás adversidades en Comesaña



Abel golpeando o balón ante Andrés e Sergi nun partido desta tempada

A primeira parte foi de tenteo. O Comesaña deulle a iniciativa ao Calasancio, pero os monfortinos non caeron na trampa de irse arriba e deixar moitos espazos. En defensa o Calasancio estivo moi ben e en ataque tivo claridade de ideas aínda que pouca precisión no

último pase para xerar perigo.

A primeira parte camiñaba con paso firme cara ao empate a cero, pero no último minuto Sergi rematou un córner desde dentro da área pequena para poñer o cero a un no marcador ao final da primeira parte.

O gol e os axustes de Rubén Núñez nos vestiarios pro-

“Vitoria importante que ten que servir para axudarnos a cambiar a dinámica”

RUBÉN NÚÑEZ CP Calasancio

piciaron unha mellor versión do Calasancio na segunda parte, que se atopou co cero a dous moi pronto por medio de Buti.

Nin o momentáneo un a dous fixo dúbida aos monfortinos, xa que Pablo volveu ampliar a vantaxe a dous goles moi pronto e, á hora de xogo, Jordi fixo o un a catro co que sentenciou o encontro antes de que Jorge puxese a guinda co un a cinco final ao bater ao porteiro local cunha vaselina.

OS MELLORES

CALASANCIO

PABLO

IAGO

ABEL

O Lugo asaltou o fortín do Pabellón cun gol de Pérez

PRIMEIRA DERROTA

dous ourensáns esta tempada na casa ante unha gran versión lucense



Gol: Pérez polo CD Lugo

Arbitro: Martín Pérez, Ismael Álvarez e Irene Outada

“Importantísima victoria fóra ante o terceiro clasificado”

MARTÍN MURADO CD Lugo A

O Lugo xa é sexto na División de Honra cadete tras asinar unha vitoria de prestixio en Ourense ante o Pabellón, que perde o terceiro posto trala derrota cun solitario gol de Pérez na primeira parte.

Os ourensáns estaban invictos en casa e contan co máximo goleador da categoría, pero o gran traballo e a solidez defensiva fixo que o Lugo deixase a súa portería a cero.

Os de Martín Murado minimizaron as perdas de balón para evitar as contras do Pabellón, a súa mellor arma, e na primeira ocasión que tiveron tomaron o mando no marcador ao enviar ao fondo das mallas Pérez un balón solto na área rival tras un córner aos nove minutos de xogo.

A partir de aí o Lugo estivo máis cómodo e xerou perigo a balón parado, pero non puido ampliar a renda antes do descanso. Xa na segunda parte mantívose o mesmo guiño ata o ecuador do segundo tempo cando o Pabellón, cos cambios, imprimíulle unha marcha máis ao partido, aínda que tan só dispuxo dunha ocasión clara na recta final para poder empatar.

Selección Galega

Pérez, Andrés e Iago López están citados para un adestramento coa Selección sub 16 esta tarde en Ames.

Gañando en confianza

O VIVEIRO IMPÚXOSE AO COLISTA nun partido no que os de Luchi volveron comprobar que están no camiño correcto para seguir medrando



Arbitro: David Jimenez, Manuel Martínez e Juan Polo Campo: Municipal Marcos Gómez

“Partido más complicado de lo que refleja el marcador, sobre todo en la primera parte”

LUCHI Viveiro CF

O Viveiro asinou a súa terceira vitoria da tempada ante o colista Orillamar no Municipal Marcos Gómez, onde os de Luchi sumaron todos os seus triunfos este ano.

As boas sensacións que veñen deixando os celestes confirmáronse a partir da primeira media hora, xa que ata o un a cero as forzas estiveron igualadas.

O entramado defensivo suscitado polo Orillamar colapsou a un Viveiro que saltou ao campo moi impreciso, perdendo balóns que facilitaban as contras dun Orillamar que por momentos chegou a crer na vitoria.

Co paso dos minutos o Viveiro foi atopando a pausa necesaria co balón para mover a defensa rival. Nunha desas primeiras accións elaboradas chegou o un a cero de Huguito á media hora.

Con este gol cambiou o partido, xa que o Orillamar adiantou as súas liñas e o Viveiro atopou espazos con moita máis facilidade. Ao descanso o marcador xa era de dous a cero tras volver acudir á súa cita co gol Trasi, nesta ocasión ao rematar un centro de Jericó.

Luchi mostrou o camiño a

OS MELLORES

VIVEIRO CF

TRASI 4

LUIS 4

PABLO A. 4



Arbitro: Alberto Baña Tajés, Manuel Espasandín Romar e Bregón Rey Fariña

O Rácing Villalbés conseguiu en Carballo un punto que sabe a vitoria, xa que Simón Lamas afrontou o encontro coas significativas ausencias de Gabriel, Gabi, Iago Goás, Raúl López e David, que foron suplidas á perfección polos seus compañeiros nun encontro non que o infantil Hugo Xabier dispuxo de minutos na Liga Galega cadete.

Un punto baixo mínimos

O RÁcing VILLABÉS afrontou o encontro con 5 baixas

“Fixemos un partido intelixente e trouxémonos un valiosísimo punto de Carballo que nos reforza no noso camiño”

SIMÓN LAMAS RC Villalbés

A formulación do Rácing era clara de saída, pero esta viuse reforzada moi pronto co cero a un aos catro minutos. Iago Gesto recibiu o balón na área tras un saque longo de banda de Cabado e foi derrubado na área. Cadra foi o encargado de lanzar e materializar a pena máxima para poñer por diante ao Rácing.

A partir de aí a solidariedade defensiva acompañada da orde sen renunciar ao



Trasi, Álex e Luis celebrando un gol do Viveiro esta tempada

seguir para o seu equipo no cansaño e o Viveiro sentenciou o partido pola vía rápida nos primeiros vinte minutos da segunda parte con tres goles.

O tres a cero asinouno Luis aos seis minutos do segundo tempo, aos dez Loureiro fixo o cuarto e aos vinte, de novo Luis o cinco a cero ao culminar un man a man.

Con todo visto para sentenza o partido perdeu intensidade, o carrusel de cambios baixou

o ritmo e o Orillamar puido facer o gol da honra antes de que Luis pechase o marcador co seu hat trick particular ao aproveitar un rexeite tras un saque de esquina no último minuto de partido.

Agora o Viveiro buscará na próxima xornada estreir a conta de vitorias a domicilio no complicado campo do Xuventude Oros, segundo clasificado que aínda non coñece a derrota como local esta tempada.



Raúl Cendán foi o xogador máis destacado do encontro

ataque coas contras foi o sinal de identidade dun Villalbés que apenas pasou por complicacións defensivas, mentres que Candal, Iago Gesto e sobre todo Dani ao estrelar un balón no poste dispuxeron das ocasións máis claras para o cero a dous antes do des-

canso. Nada máis empezar a segunda parte, no primeiro minuto, o Bergantiños empatou. Aos poucos o partido entrou nunha fase na que calquera equipo puido gañar cun intercambio de golpes que terminou cos dous equipos en pé e repartíndose os puntos en xogo.

OS MELLORES

RC VILLABÉS

RAÚL C. 4

CABADO 4

NOEL T. 4



Yago medíndose e velocidade cun defensa ferrolán



Denis anticipándose nun balón dividido ante Paj'n



Hugo golpeando o esférico ante dous rivais

SCD MILAGROSA		R. FERROL B
Got: Denis	1 1	Got: Miguel



Arbitro: David Pereira, Iago Castro e Javier Gómez. Campo: Luis López Gorgoso



Miguel desbordando a un xogador do Racing de Ferrol B

A permanencia pasa pola Frigsa

A MILAGROSA SUMOU UN PUNTO QUE SABE A POUCO, pero xa encadea dous encontros consecutivos puntuando na casa

As opcións da Milagrosa de salvar a categoría pasan polos partidos de Frigsa e os de Madriles sábano. Ante o Racing de Ferrol B sumaron un punto que sabe a pouco, pero enlazaron dous encontros puntuando en casa e ese é o patrón a seguir.

A Milagrosa buscaba os tres puntos ante un rival directo para saír dos postos de descenso e o partido púxose de cara para os lucenses

moi pronto, co un a cero que asinou Denis ao aproveitar un rexeite do porteiro tras disparo de Yago.

A partir de aí a Milagrosa fíxose forte en defensa con

Pajón liderando a zaga e con Miguel como principal baza para sacar o balón e crear perigo. O encontro entrou nunha

fase de loita sen apenas ocasións, pero cando parecía que se chegara ao descanso con vantaxe, os visitantes empataron ao

“Es bueno puntuar, pero en nuestra situación debemos aprovechar cuando podemos hacerlo de tres en tres”

MADRILES Milagrosa

aproveitar unha contra que finalizou cunha vaselina ante a saída de Borja.

No descanso Madriles cambiou o debuxo táctico pasando a un 4-4-2, pero o partido rompeuse máis polo cansazo que pola aportación duns e outros. Ambos equipos foron contundentes en defensa nos

balóns frontais, aínda que a Milagrosa estivo máis cerca do gol da vitoria ao dispoñer Yago, cun remate estando só dentro da área, e Cabarcos cunha contra na que se adiantou o porteiro visitante, das ocasións máis claras para sumar os tres puntos en xogo.

O Xuventude Oroso non concede opcións

NOVENA VITORIA CONSECUTIVA dun equipo que vai camiño da Honra

CD LUGO B		X. OROSO
Got: Luis	1 6	Goles: Miguel, Iván, Leandro, Jairo (2) e Óscar.



Arbitro: Jorge Carballido, Jose Luis Cabanas e Ángel Manuel Ríquez. Campo: A Fonte

O Xuventude Oroso segue exhibindo potencial na Liga Galega cadete, competición na que suma nove vitorias consecutivas con 37

goles a favor e tan só 8 en contra. A súa última vítima foi o Lugo B, que debutaba esta tempada como local na Fonte.

“A pesar el resultado final siempre hay cosas positivas que sacar”

EDU RODRÍGUEZ CD Lugo B

Pese ao avultado do marcador final e á superioridade visitante, que conta cun equipo formado integramente por xogadores de segundo ano, o Lugo B tivo unha boa actitude.

Edu Rodríguez intentou sorprender ao Oroso cunha posta en escena do seu equipo presionando en campo rival, e ata dispuxeron da primeira ocasión clara cunha falta de Xael Iri-

mia que case sorprende ao porteiro visitante.

O cero a cero inicial mantívose ata pasado o ecuador da primeira parte, pero aos vinte e cinco minutos do primeiro tempo o Oroso adiantouse tras unha falta lateral e ao descanso o marcador xa era de cero a tres.

Na segunda parte Luis maquillou o resultado final ao aproveitar un rexeite do porteiro tras disparo de Borja nun partido que finalizou con 1-6.



Unai trata de frear o avance dun xogador rival



Michi nunha acción defensiva nun lance do encontro

O Lugo gáñase o dereito a soñar

O CUARTO POSTO ESTÁ A CINCO PUNTOS tras impoñerse ao Conxo Santiago a falta de seis xornadas por disputar

CD LUGO	CD CONXO
Goles: Moha e Ayman (2)	Gol: Pedro Arufe
3	1



Arbitro: Omel Amancio, Sadoum Bahia e Miguel Rodriguez. Campo: Rodriguez Lago

"Nos costó leer lo que necesitaba el equipo en la primera parte" **DANI GALÁN** CD Lugo

6

PARTIDOS consecutivos sen perder para os de Dani Galán na Liga Galega infantil

Vitoria do Lugo ante o Conxo Santiago coa que os de Dani Galán gáñanse o dereito a soñar cunha das catro primeiras prazas que darían opción a disputar a segunda fase polo título galego. Un soño que pasa polas últimas seis xornadas desta primeira fase nas que os lucenses xogarán dous partidos en casa e catro a domicilio sen marxe de erro, xa que o Victoria é actualmente o equipo que marca o corte con cinco puntos máis que os lucenses.

Ante o Conxo Santiago o Lugo foi de menos a máis. Asinando unha discreta primeira parte na que non se atoparon cómodos ante un rival superior fisicamente e que buscaba o fallo local para montar contras.

Gran parte da loita librouse no medio campo, con poucas ocasións de gol nunha primeira parte na que a máis clara foi un disparo ao larguero desde fóra da área de Iker.

Dani Galán e Covi corrixiron aspectos do xogo no vestiario e o Lugo arrouiou ao Conxo Santiago cunha espectacular posta en escena na segunda parte. Aos seis minutos Ayman enviou ao fondo das mallas un

centro de Manu, e tan só dous minutos despois o propio Aymán ampliou a conta cun disparo cruzado. Sen tempo para a reacción compostelá, o Lugo sentenciou o encontro co tres a cero en menos dun cuarto de hora da segunda parte. Nesta ocasión foi Buide o que rematou un córner ao larguero e o rexeite foi para Moha, que enviou o balón ao fondo da portaría.

A partir de aí o partido tivo menos control, pero o Conxo Santiago nunca deu a sensación de poder meterse no partido malia que recortou distancias no tramo final dun partido no que estaba máis preto o cuarto gol do Lugo que o segundo dos visitantes.

Na próxima xornada os lucenses visitan ao Rácing de Ferrol, quinto clasificado, nun partido para espertar ou seguir soñando co cuarto posto.

A Residencia conseguiu saír de Abegondo coa cabeza alta

OS DE KAISER

foron moi xenerosos no esforzo ante un Deportivo superior

RC DEPORTIVO	SD RESIDENCIA
5	0



Goles: Álex, Martiño, Yago, Martín e Mekibib.

"Noraboa a todos os rapaces polo gran esforzo feito neste partido"

KAISER SDC Residencia

Poucos equipos da Liga Galega infantil poden presumir de saír de Abegondo coa cabeza alta como fixo a Residencia o pasado sábado. Os de Kaiser perderon, pero fixérono logo de baleirarse no terreo de xogo ante un Deportivo que practicamente é unha selección galega.

O plan trazado era claro, estar xuntos e bascular para evitar que os herculinos se sentisen cómodos e tivesen espazos en ataque. Con todo, o un a cero aos dous minutos facía perigar a intensidade da Residencia, que non se viu afectada nin co segundo gol ao cuarto de hora.

Con dous a cero no marcador e con máis dunha hora de partido por diante a maioría dos equipos saen cun carro de goles en contra de Abegondo, pero a Residencia non se descompo e mantivo o resultado ata o descanso.

Na segunda parte os da Cheda animáronse un pouco máis en ataque, con algunha contra que non puideron finalizar pese a pisar área contraria. En defensa continuaron a un bo nivel solidario e o Deportivo tan só levou o marcador final ata un máis que digno cinco a cero.

A Milagrosa está nun tramo de competición moi esixente

TRES PARTIDOS

ante equipos da parte alta da táboa: Oros, Victoria e Deportivo

X. OROSO	MILAGROSA
8	0



Goles: Alex, Ruza, Pablo, Daniel, Iván, Jorge e Loureiro (2)

"Aún no estamos preparados para poder mantener el nivel competitivo durante ochenta minutos de juego"

MADRILES SCD Milagrosa

A Milagrosa iniciou en Oros o tramo de competición en grao sumo esixente para os de Madriles na Liga Galega infantil, xa que tras medirse a un gran rival como o Xuventude

Oros, os de Friga teñen por diante a visita do Victoria e a saída a Abegondo para medirse co Deportivo nas dúas próximas xornadas.

En Oros a Milagrosa disputou unha máis que aceptable primeira parte na que encaixaron o un a cero tras un rexeite desde o bordo da área. Malia iso, a Milagrosa competiu ben e ata se asomou en ataque cun man a man de Raúl que detivo o porteiro local.

Ao final dos primeiros corenta minutos o marcador era de tres a cero, pero na segunda parte a Milagrosa acusou moito o esforzo realizado na primeira parte e o marcador final foise ata o oito a cero con cinco goles do Oros na segunda parte.

Na próxima xornada os de Madriles reciben en Friga ao Victoria, cuarto clasificado con 22 puntos en once xornadas.



Ayman, autor de dous goles, tras regatear a un defensa central rival



Moha, autor do terceiro gol, pisando o balón ante un dianteiro rival



Amin encarando pola banda a un defensa compostelán

Unha derrota que non doe

O CALASANCIO COMPETIU MOI BEN EN OURENSE ante un Pabellón que se mantén segundo na táboa tras pasalo mal durante moitos minutos ante os de Manu Rodríguez



Arbitro: Martín Pérez. Alex Martín Ríquez e Adrián Ríquez. Campo: Campo de Aira (Velle)

“Muy contento con la actitud del equipo, sobre todo a nivel defensivo”

MANU RODRÍGUEZ CP Calasancio

Hai derrotas que reforzan o traballo realizado, e o Calasancio encaixou unha delas onte pola mañá en Ourense ante o Pabellón. A visita presentábase en grao sumo complexa, xa que os ourensáns son segundos na táboa clasificatoria e tan só encaixaron catro goles no que vai de tempada.

Manu Rodríguez preparou ao seu equipo ao longo da semana a nivel defensivo e os froitos vironse ao longo dos oitenta minutos nos que o Calasancio sempre estivo con vida no partido.

Os monfortinos obrigaron ao Pabellón a xogar por fóra, pechando moi ben as liñas de pase no medio campo, polo que

tan só tiveron que achi-car algún balón tras cen-tro lateral para manter a súa portería a cero nunha primeira parte na que Denis deu moita seguridade en todas as accións.

O cero a cero ao des-canso era xusto, pero o

xerro de auga fría che-gou no primeiro minuto da segunda parte co un a cero, no primeiro e único erro defensivo do Calasancio ao longo do encontro no que o Pabe-lón colleu descolocada á defensa nunha contra.

Lonxe de baixar os

brazos e darse por derro-tados o Calasancio apro-veitou uns momentos de relaxación local tralo un a cero para asomarse con perigo, dispoñendo dun par de ocasións claras tras unha falta lanzada por Cereijo á que Toni non chegou por pouco e un disparo de Carmen no que se luciu o porteiro

local para enviar o balón a córner.

Ao final, derrota pola mínima, pero os monfortinos saíron coa cabeza moi alta do Municipal da Aira tras estar con opcións de puntuar ata o último minuto no campo do segundo clasificado da Liga Galega infantil.



Manu Rodríguez diante do seu banquillo nun encontro disputado esta tempada nas Instalacións Deportivas Álex Blanco

OS MELLORES

CALASANCIO	
LAMUS	2 2 2 2
DENIS	2 2
DALAMA	2

TROFEO JORGE TATO XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
ALEX RAMOS	CD Lugo	6	XABI B.	CD Lugo B	17	GABRIEL	RC Villalbés	10	LUIS	Viveiro CF	19	AYMAN	CD Lugo	7	CEREIJO	Calasancio	12
VELOSO	Residencia	6	ANXO	RC Villalbés	15	LUIS	Viveiro CF	8	TRASI	Viveiro CF	13	MOHA	CD Lugo	5	BUIDE	CD Lugo	12
CHRISTIAN	CD Lugo	5	XOEL EJO	Viveiro CF	13	BRIAN	CD Lugo	6	CADRA	RC Villalbés	11	PÉREZ	CD Lugo	4	GONZALO	Milagrosa	12
DAVID LÓPEZ	RC Villalbés	5	MACLY	Viveiro CF	11	MANU	CD Lugo	5	MIGUEL	SCD Milagrosa	11	NACHO	Calasancio	3	MARCOS	Milagrosa	12
MOREDA	RC Villalbés	4	MOREDA	RC Villalbés	9	PÉREZ	CD Lugo	4	MANEL	CD Lugo B	10	DANI	CD Lugo	3	ALVITE	Residencia	12
BATALLÓN	Residencia	4	ÓSCAR	RC Villalbés	9	TRASI	Viveiro CF	4	GABI	RC Villalbés	10	CEREIJO	Calasancio	2	MAEL	Residencia	11
SERGI	Calasancio	3	GARCÍA	Residencia	9	SAMUEL	CD Lugo	3	GABRIEL	RC Villalbés	10	DÍAZ	Calasancio	2	TONI	Calasancio	9
GABARRE	CD Lugo	3	JAIRÓ	Viveiro CF	9	BORJA	CD Lugo B	3	XOEL IRIMIA	CD Lugo B	9	BUIDE	CD Lugo	2	MANU F.	CD Lugo	9
FONSECA	Residencia	3	ANDRÉS	Calasancio	8	IAGO GESTO	RC Villalbés	3	IAGO	SCD Milagrosa	9	ALONSO	Residencia	2	LAMUS	Calasancio	7
JAIRÓ	Viveiro CF	3	ÁLEX	Calasancio	7	CADRA	RC Villalbés	3	DENIS	SCD Milagrosa	9	JAVI	Calasancio	1	B. VASCO	Milagrosa	7
PABLO C.	Viveiro CF	3	ABEL	Calasancio	7	DIEGO C.	SCD Milagrosa	3	DANI	RC Villalbés	8	ANTÓN	CD Lugo	1	LEO	Milagrosa	7
ABEL	Calasancio	2	IAGO	Calasancio	7	CASTRÍN	CD Lugo	2	CABADO	RC Villalbés	8	IKER	CD Lugo	1	NACHO	Calasancio	6
JORDI	Calasancio	2	RUBÉN	CD Lugo B	7	GABRI	CD Lugo B	2	BRAIS	SCD Milagrosa	8	MARCO	CD Lugo	1	HUGO	Milagrosa	6
JORGE	Calasancio	2	DAVID	RC Villalbés	7	FREIRE	CD Lugo B	2	PAJÓN	SCD Milagrosa	8	ROSÓN	CD Lugo	1	HUGO P.	Residencia	6
MARTÍN	CD Lugo	2	IVÁN	Viveiro CF	7	LEO	CD Lugo B	2	RAÚL C.	RC Villalbés	7	AHÍTO	Milagrosa	1	CARMEN	Calasancio	5
ÓSCAR	CD Lugo	2	JUAN	Viveiro CF	7	GABI	RC Villalbés	2	BORJA	CD Lugo B	6	BRUNO	Milagrosa	1	DENIS	Calasancio	5
SCHUSTER	CD Lugo	2	JORGE	Calasancio	6	DIÉGUE	RC Villalbés	2	CABARCOS	SCD Milagrosa	6	HUGO	Milagrosa	1	DANI	CD Lugo	5
YAGO	CD Lugo B	2	PORTO	CD Lugo B	6	DIEGO	RC Villalbés	2	ALEJANDRO	Viveiro CF	6	RAÚL	Milagrosa	1	JORGE	CD Lugo	5
DANI	CD Lugo B	2	PABLO D.	Residencia	6	YAGO	SCD Milagrosa	2	BOIXET	Viveiro CF	5	ERIK	Residencia	1	MOHA	CD Lugo	5
SAMUEL	RC Villalbés	2	SERGI	Calasancio	5	JERICÓ	Viveiro CF	2	NOVO	Viveiro CF	5	JULIO	Residencia	1	ROSÓN	CD Lugo	5
REIGOSA	Residencia	2	PABLO	Calasancio	5	HUGUITO	Viveiro CF	2	FREIRE	CD Lugo B	4	SAÚL	Residencia	1	DAVID	Residencia	5
XAVI	Viveiro CF	2	XAIRO	CD Lugo B	5	JAVIER	CD Lugo	1	MATEO	CD Lugo B	4	NICO F.	Residencia	1	DÍAZ	Calasancio	4
JORGE	Viveiro CF	2	ÁNGEL	Residencia	5	LUIS	CD Lugo	1	JACOBO	CD Lugo B	4	XAVI	Residencia	1	IAGO	Calasancio	4
BORJA	Viveiro CF	2	FONSECA	Residencia	5	MANEL	CD Lugo	1	MARIO	SCD Milagrosa	4	-	-	-	CRIS	Milagrosa	4
CONDE	Residencia	2	PABLO D.	Residencia	5	BORJA	CD Lugo	1	LUCAS	Viveiro CF	4	-	-	-	NICO S.	Residencia	4
DANI	Calasancio	1	XAVI	Viveiro CF	5	SIRO	CD Lugo	1	P. ALONSO	Viveiro CF	4	-	-	-	NICO G.	Residencia	4
JAVI	Calasancio	1	JAVI	Calasancio	4	DARÍO	CD Lugo B	1	JORGE	CD Lugo B	3	-	-	-	BRAIS M.	Calasancio	3
DAVID	CD Lugo	1	XABI D.	CD Lugo B	4	JORGE	CD Lugo B	1	LUIS	CD Lugo B	3	-	-	-	ANTÓN	CD Lugo	3
XABI	CD Lugo	1	ÁLEX	RC Villalbés	4	NODAR	CD Lugo B	1	HUGO	RC Villalbés	3	-	-	-	IKER	CD Lugo	3
VIDAL	CD Lugo	1	MARÍN	RC Villalbés	4	MICHI	CD Lugo B	1	DIEGO	RC Villalbés	3	-	-	-	PEDRO	Milagrosa	3
CASARIEGO	CD Lugo	1	BATALLÓN	Residencia	4	DENIS	Milagrosa	1	RAÚL	SCD Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
			FER	Residencia	4	CANDAL	RC Villalbés	1	ROBERT	SCD Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-

Os provinciais xuvenil e infantil co

10 EQUIPOS XUVENÍS E 9 INFANTÍS arrincan co soño de emular os éxitos acadados a obxectivo, o segundo unha das tres prazas que hai en cada categoría para disputar as f

2ª FASE XUVENIL PROMOCIÓN

A vindeira fin de semana arranca o campionato provincial máis longo das últimas temporadas, con dez equipos pelexando polas tres primeiras prazas e os seus correspondentes billetes para o Ascenso á Liga Galega xuvenil.

A Residencia, que deu o salto de categoría a pasada temporada, é o exemplo a seguir polo elenco de equipos que completan a nómina da Fase de Promoción. Só catro equipos –Ribadeo, Castro, Sagrado Corazón e Milagrosa– repiten na competición con respecto á campaña pasada na que Porto de Burela e Palas se clasificaran tamén para o Ascenso sen logralo.

Ademais dos postos de arriba os equipos deben mirar tamén para as últimas posicións, xa que os oito primeiros terán garantida a súa praza na Primeira División xuvenil de cara ao vindeiro curso no que se prevé unha reconfiguración das competicións provinciais.

XUVENIL Promoción

1ª XORNADA

SD Ribadeo – CD Foz	-
CD Castro – San Ciprián	-
Milagrosa – RC Villalbés B	-
Becerreá – Sagrado	-
Polvorín FC – SD Sarriana	-

PRÓXIMA XORNADA

CD Foz – Polvorín FC	Sagrado – Milagrosa
San Ciprián – SD Ribadeo	Sarriana – SD Becerreá
Villalbés B – CD Castro	

3

EQUIPOS lograrán unha praza para competir polo Ascenso á Liga Galega xuvenil

2

ÚLTIMOS CLASIFICADOS non terán garantida a súa praza na Primeira División xuvenil de cara á vindeira temporada. A nómina podería completarse tamén cos mellores equipos da Liga de Play Off, que arranca tamén a fin de semana

1 Como valoras o formato desta segunda fase da competición?

2 Que equipos ves como aspirantes ao título Provincial e a disputar a fase de ascenso?

3 Que obxectivos se marca o teu equipo neste Provincial xuvenil?



SD RIBADEO SALVA

1 Creo que unha liga con partidos de ida e volta resulta máis atractiva, e permite valorar de forma máis obxectiva a regularidade dun equipo.

2 Calquera equipo pode ter as súas opcións pero creo que Villalbés B, Polvorín FC e Milagrosa son os máis fortes.

3 Simplemente competir partido a partido e facelo o mellor posible, sen esquecer que pasamos como mellor cuarto grazas a un gol de diferenza.



SD BECERREÁ ANTÓN

1 El formato de liga está muy bien, ya que nos mediremos a los mejores y eso siempre es un aliciente.

2 Es difícil destacar favoritos porque desconocemos el nivel de muchos rivales.

3 Nuestro objetivo será ponérselo difícil a cualquier rival con el que juguemos, con nuestras armas intentaremos competir y disfrutar de esta bonita fase.



CD CASTRO BRAIS PRADOS

1 Creo que é un bo formato para facer máis igualitaria a competición e mellorar a formación. So cambiaría a orde na que se valoran os goles a favor/en contra en caso de empate a puntos.

2 Vexo como principais favoritos a Milagrosa, Villalbés B e Polvorín.

3 Os obxectivos son puramente formativos e orientados a cada xogador, para a súa mellora e evolución como futbolista e persoa.



SAN CIPRIÁN MADARIAGA

1 Este formato de ida e volta permítenos adestrar e xogar de forma máis tranquila, xa que non penaliza tanto o erro como na primeira fase.

2 Espero moita competitividade observando os equipos do noso grupo, supoño que nos outros sucedeu o mesmo.

3 Non nos marcamos ningún obxectivo de principio. Pensamos en competir desde o primeiro partido e ver onde nos coloca o proceso da competición.



MILAGROSA COUSO

1 A diferenza da primeira fase, que vin demasiado corta, esta liga a dobre volta con dous equipos máis que estes anos paréceme un bo formato para que os equipos cheguen preparados á fase de Ascenso.

2 Será moi igualado. Creo que nin sequera quedar primeiro de grupo quere dicir moito.

3 Somos un equipo de primeiro e segundo ano. Se podemos estar entre os tres primeiros, ben, pero o importante será formación para os vindeiros anos.



RC VILLALBÉS B IVÁN LAMAS

1

Penso que é o formato correcto. Nas categorías de base provinciais un equipo pode variar moito dun ano a outro. Canta máis igualdade se busque será mellor para a progresión dos rapaces.

2

Calquera pode meterse entre os 3 primeiros. Ao título, supoño que Milagrosa, Castro, Foz... Ogallá sexa moi aberta e disputada.

3

O obxectivo é aproveitar cada hora de adestramento e competición para conseguir unha boa formación e mellora dos rapaces.



SAGRADO FRAN FERNÁNDEZ

1

La distribución geográfica de Lugo dificulta mucho la logística de las competiciones. Será una liga muy competitiva.

2

Creo que habrá mucha igualdad entre los equipos, en esta categoría cualquier equipo compete y cualquier equipo es complicado de ganar.

3

El objetivo es seguir creciendo y trabajar semana a semana para llegar a la competición en las mejores condiciones. No renunciaremos a nada.



POLVORÍN FC KUBALA

1

Paréceme interesante xa que loitas por estar competindo cos mellores e iso é un premio para os rapaces ademais dunha boa preparación para os que acadan a Fase de Ascenso.

2

Vai estar moi competido e non haberá uns claros favoritos ata as derradeiras xornadas.

3

Competir e que collan experiencia como equipo. Queremos estar na loita polos postos de privilexio para acadar esa Fase de Ascenso.



CD FOZ IVÁN GAYOL

1

Paréceme un bo formato. En teoría son os mellores equipos e pódense ver bos partidos totales fines de semana.

2

Do noso grupo calquera pode ter opcións, foi unha liga moi parella. Descoñezo o nivel dos equipos dos outros grupos.

3

Creo que, se logramos ser regulares, podemos estar pelexando polas tres primeiras prazas, sempre con humildade e tendo sorte coas baixas.



SD SARRIANA ALBERTO

1

O formato paréceme ben, aínda que é o menos importante de todo. O importante é xogar e establecer vínculos nos grupos e disfrutar deste deporte.

2

Non vexo favoritos, senon máis ben unha liga igualada na que calquera lle pode gañar a calquera. Do que vin, gustoume a Milagrosa.

3

O obxectivo para nós é claro: disfrutar de este deporte. Esa é a prioridade por encima de calquera outra meta en canto a resultados.



comezan a próxima fin de semana

pasada tempada pola Milagrosa e a Residencia. O título Provincial pasa por ser o primeiro das fases de ascenso. O terceiro será asegurar un posto na próxima primeira división

2ª FASE INFANTIL PROMOCIÓN

Nove equipos e dous obxectivos, o Provincial infantil e unha das tres prazas de promoción de ascenso á Liga Galega infantil. A pasada tempada a Residencia alzouse con ambos obxectivos e a Milagrosa cun deles, o ascenso.

Os nove equipos optan ao título Provincial pero tan só oito a xogar a fase de ascenso xa que o Lugo B, aínda que conseguiu unha das tres primeiras prazas, non podería disputala ao estar o seu primeiro equipo xa na máxima categoría.

Os adestradores valoran esta segunda fase antes de que comece a carreira a próxima fin de semana cos favoritos asumindo o seu rol e cos que non o son nun segundo

plano pero coa intención de ser unha das sorpresas que se dan cada tempada.



INFANTIL Promoción

1ª XORNADA

SD Ribadeo - Burela SD	-
CD Lugo B - SD Viveiro	-
Residencia B - RC Villalbés	-
SD Becerreá - Sagrado A	-
Descansa: SD Sarriana	-

PRÓXIMA XORNADA

SD Viveiro - SD Ribadeo	Sagrado - Residencia B
RC Villalbés - CD Lugo B	SD Sarriana - Becerreá

Descansa: Burela SD

9

EQUIPOS loitarán polo título provincial. Son os tres primeiros clasificados de cada un dos tres grupos nos que se dividiu a primeira fase

3

PAZAS O campión do Provincial, así como o segundo e terceiro clasificados terán unha praza asegurada para xogar a fase de ascenso á Liga Galega infantil. Sempre que nas tres primeiras posicións non remate o Lugo B, entón xogaría o cuarto clasificado polo ascenso

1 Como valoras o formato desta segunda fase da competición?

2 Que equipos ves como aspirantes ao título Provincial e a disputar a fase de ascenso?

3 Que obxectivos se marca o teu equipo neste Provincial infantil?



SD RIBADEO MORO

1 Quizá prefería que subira directamente un equipo, creo que os equipos da provincia de Lugo temos complicado ascender.

2 O Burela creo que é serio candidato, tamén Villalbés, Lugo e Sarriana, e nós pelexaremos tamén.

3 O primeiro recuperar lesionados e que non haxa máis. Estando todos iremos partido a partido, a ver onde chegamos. Competindo en todos os encontros ben podemos entrar na promoción.



BURELA SD JAVI RUIZ

1 O formato gústame, é o correcto. Prefería que fosen equipos pares, para non ter que descansar dúas xornadas.

2 Ribadeo, Villalbés, Sarriana e Burela. Pero ollo tamén co resto, cada equipo ten unha particularidade e será unha competición atractiva.

3 O noso obxectivo debe ser estar o máis arriba posible. Pero iremos pouco a pouco, sen poñernos límites, pero tampouco obrigacións.



CD LUGO B ANTÓN MÉNDEZ

1 Nos gusta este formato. A priori creo que se verán partidos competidos y de máis igualdade.

2 Podemos falar de lo que conocemos, ya que no sabemos el nivel de los otros grupos. El Villalbés cuenta con un gran equipo, tanto a nivel físico como técnico, así que seguro que estará en la pelea.

3 Seguir mejorando a nivel individual y colectivo, sabiendo que en lo físico partimos con inferioridad, pero estamos deseosos de jugar contra los mejores y demostrar que podemos ser competitivos.



SD VIVEIRO ANTONIO SERRANO

1 Me parece atractivo, ya que se enfrentan los equipos más fuertes y, al ser a ida y vuelta, tienes que demostrar ser mejor que el resto si quieres ascender. La primera fase es más injusta.

2 El Burela tiene jugadores muy físicos y fuertes, creo que es el candidato número uno. Pienso que entre Ribadeo y Villalbés también habrá lucha.

3 Que todos los jugadores mejoren y disfruten mostrando la mejor versión posible y prepararlos para que en los próximos años puedan competir en Liga Gallega.



RESIDENCIA ADRIÁN SUÁREZ

1 Será complicada, pero también bonita porque los partidos serán más igualados y ayudarán en el aprendizaje y la formación de los jugadores

2 Todos tienen sus opciones. Quizá el Villalbés sea el rival más duro, junto con Ribadeo y Lugo B.

3 Seguir formándonos y adquiriendo conocimientos para que los chicos puedan estar a disposición de jugar con el infantil A y hacer la mejor segunda fase posible, disfrutando cada fin de semana



RC VILLALBÉS JANDRO NOVOA

